

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN CEIPP A FRAGA



Rev. Outubro de 2023

Primeira parte: análise de riscos

1. O medio
 - 1.1 Identificación do centro.
 - 1.2 Situación xeográfica.
 - 1.3 Consideracións respecto ó medio exterior
2. O centro escolar. Descrición
3. Avaliación do risco.
 - 3.1 Avaliación
 - 3.2 Planos de emprazamento

Segunda parte: medidas de protección

4. Catálogo de medios dispoñibles
 - 4.1 Medios de extinción de incendios
 - 4.2 Sistema de aviso e alarma
 - 4.3 Equipos e material de primeira intervención
5. Directorio de medios externos
6. Deseño da evacuación
 - 6.1 Deseño das vías de evacuación.
 - 6.2 Percorridos
 - 6.3 Sinalización
7. Planos do edificio por plantas

Terceira parte: procedementos de aplicación

8. Estructura, organización e funcións.
 - 8.1 Descrición.
 - 8.2 Organización
 - 8.3 Grupos operativos. Consignas
9. Operatividade do plan
 - 9.1 Programa de implantación.
 - 9.2 Programa de mellora e mantemento.
 - 9.3 Programa de formación.
10. Activación do plan
 - 10.1 Dirección.
 - 10.2 Funcións e consignas
11. Notas e propostas para vindeiras revisións

Anexos

Primeira parte: análise de riscos.

| | |
|--|--------------------|
| 1. O medio. | 6 |
| 1.1 Identificación do centro. | 6 |
| 1.2 Situación xeográfica. | 6 |
| 1.3 Consideracións respecto ó medio exterior. | 7 |
| 2. O centro escolar. Descrición. | 7 |
| 2.1 Superficies. | 7 |
| 2.2 Características construtivas. | 8 |
| 2.3 Accesos, escaleiras e vías de evacuación. | 8 |
| 2.3.1 Accesos ó recinto escolar. | 8 |
| 2.3.2 Accesos ó edificio principal. | 8 |
| 2.3.3 Accesos ó pavillón pequeno. | 9 |
| 2.3.4 Escaleiras. | 10 |
| 2.3.5 Vías de evacuación. Corredores. | 10 |
| 2.4 Instalacións xerais de risco. | 10 |
| 2.4.1 Instalación eléctrica. | 10 |
| 2.4.2 Sala de caldeiras e depósito de combustible. | 11 |
| 2.4.3 Biblioteca parte alta | 11 |
| 2.4.4 Biblioteca. | 11 |
| 2.4.5 Aulas laboratorio. | 12 |
| 2.4.6 Aula de informática. | 12 |
| 2.4.7 Secretaría e Dirección. | 12 |
| 2.4.8 Sala de mestras e mestres. | 12 |
| 2.4.9 Almacén de limpeza. | 12 |
| 2.4.10 Almacén de material e trasteiros. | 13 |
| 2.4.11 Aula taller de plástica. | 13 |
| 2.4.12 Aulas de actividades extraescolares. | 13 |
| 2.4.13 Local da ANPA | 13 |
| 2.4.14 Aulas. | 14 |
| 2.4.15 Aula de música. | 14 |
| 2.4.16 Aula de psicomotricidade. | 14 |
| 2.4.17 Zona de infantil. | 14 |
| 2.4.18 Patio cuberto. | 15 |
| 2.4.19 Aseos. | 15 |
| 2.5 Fichas resumo de riscos e recursos. | 15 |
| 2.6 Recomendacións xerais sobre o centro. | 17 |
| 3. Avaliación do risco. | 17 |
| 3.1 Avaliación. Fichas inventario de avaliación do risco | 17 |
| 3.2 Planos. | ANEXO IV |
| 3.2.1 Plano de emprazamento do centro e contorno. | 19 |
| 3.2.2 Plano xeral do centro por plantas. | Anexo IV 19 |

Segunda parte: medidas de protección.

| | |
|---------------------------------------|----|
| 4. Catálogo de medios dispoñibles. | |
| 4.1 Medios de extinción de incendios. | 20 |
| 4.1.1 Rede de extintores. | 20 |
| 4.1.2 Bocas de incendio equipadas. | 21 |

| | | |
|--|-----------------|-----------|
| 4.2 Sistema de aviso e alarma. | | 21 |
| 4.3 Equipos e material de primeira intervención. | | 21 |
| 4.3.1 Material de primeiros auxilios. | | 21 |
| 4.3.2 Alumeado. | | 21 |
| 4.3.3 Sistemas de comunicación | | 21 |
| 4.4 Consideracións sobre os medios de protección dispoñibles | | 22 |
| 5. Directorio de medios externos. | | 22 |
| 6. Deseño da evacuación. | | |
| 6.1 Deseño das vías de evacuación. | | 22 |
| 6.1.1 Edificio principal. | | |
| 6.1.2 Pavillón pequeno. | | |
| 6.1.3 Consignas xerais de evacuación. | | |
| 6.2 Percorridos | | 23 |
| 6.3 Sinalización. | | |
| 6.3.1 Sinalización de evacuación. | | 23 |
| 6.3.2 Sinalización de medios de protección. | | |
| 6.3.3 Sinalización informativa. | | |
| 7. Planos do edificio por plantas. | Anexo IV | 23 |

Terceira parte: procedementos de aplicación

| | | |
|--|--|-----------|
| 8. Estrutura, organización e funcións. | | |
| 8.1 Descrición. | | 24 |
| 8.2 Organización. Grupos operativos. Consignas | | 25 |
| 8.2.1 XIE Xefe de intervención e emerxencia. | | 25 |
| 8.2.2 EPI Equipo de primeira intervención. | | 25 |
| 8.2.3 EPA Equipo de primeiros auxilios. | | 26 |
| 8.2.4 EAE Equipo de alarma e evacuación. | | 26 |
| 8.2.5 EAE Consignas mestres. | | 26 |
| 8.2.6 EAE Outras consignas. | | 27 |
| 8.2.7 Responsable de comunicacións | | 27 |
| 9. Operatividade do plan | | |
| 9.1 Programa de implantación. | | 27 |
| 9.2 Programa de mellora e mantemento. | | 27 |
| 9.3 Programa de formación. | | 28 |
| 10. Activación do plan | | |
| 10.1 Dirección. | | 29 |
| 10.2 Funcións e consignas | | 29 |
| 11. Notas e propostas para vindeiras revisións | | 30 |

Anexos

| | | |
|------------------|--|-----------|
| Anexo I | CAIXA DE URXENCIAS. | 31 |
| Anexo II | FORMULARIO PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS. | 32 |
| Anexo III | TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR | 33 |
| Anexo IV | PLANOS | 34 |

- 0.0 Situación do centro no pobo.
- 0.1 Pano Xeral do recinto e o contorno.
 - Planos de distribución por planta.
 - 0.2 Distribución planta baixa.
 - 0.3 Distribución planta alta.
 - 0.4 Distribución pavillón pequeno.
- Medios de protección de incendios.
 - 0.5 Extintores e BIEs planta baixa.
 - 0.6 Extintores planta alta.
 - 0.7 Extintores pavillón pequeno.
- Vías de evacuación.
 - 0.8 Evacuación planta baixa.
 - 0.9 Evacuación planta alta.
 - 1.0 Evacuación pavillón pequeno.

Primeira parte: análise de riscos

1. O medio

1.1 Identificación do centro.

Colexio Plurilingüe de Educación Infantil e Primaria A Fraga.

Código do Centro 15026194

Dirección: Avenida da Habana s/n. C.P.15320.

As Pontes de García Rodríguez. A CORUÑA.

Teléfono e Fax: 881 938156./881938157

Teléfono dirección: 881938158

Correo electrónico: ceip.afraga@edu.xunta.gal

Páx. web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipafraga>

Número de alumnas e alumnos: 154 alumnas e alumnos de entre 3 e 12 anos.

Persoal docente: 17 mestras e mestres.

Persoal docente compartido con outros centros: 2 (mestra Relixión Católica e orientadora).

Persoal non docente: 1 limpadora con funcións de conserxe e 1 auxiliar de conversa.

Horario de mañá de 9 a 14 horas: Actividades propiamente lectivas.

Horario de tarde de 16 a 18 horas, excepto os luns de 16 a 19 horas: Reunións, actividades extraescolares, outras actividades.

1.2 Situación xeográfica.

Atópase na vila de As Pontes de García Rodríguez, cabeceira do concello do mesmo nome, na parte final da Avda. da Habana, entre os poboados do Barreiro, a Fraga e o Angueiro (Muiño). O único edificio significativo que se atopa preto é o Pavillón polideportivo municipal.

É zona urbanizada, agás por un dos lados o SO no que está proxectada unha nova rúa, polo momento sen construír. O fronte do colexio está practicamente oculto, visto dende a Avenida da Habana, por un bloque de pisos separados do recinto escolar por unha rúa peatonal de 7 metros de ancho. Ademais o colexio linda na súa cara NE coa rúa da Fabrica, o lado NO cunha praza inacabada.

As vías de comunicación máis próximas ó centro son a Avenida da Habana, e a rúa da Fabrica, único acceso de vehículos que lle queda ó centro, tratase dunha rúa de 8 metros de ancho con circulación nos dous sentidos, a beirarrúa do noso lado mide 3'50 m.

O terreo no que se asenta é chan, modificado polo recheo con materiais de desfeito debido a que anteriormente era unha zona extremadamente húmida.

A canle de auga máis importante e a única existente na zona é o río Eume que pasa a 300 metros do centro. A dous kilómetros atópase o encoro da Ribeira.

A zona arborada de máis preto do recinto escolar está formada por un conxunto de eucaliptos e piñeiros que se atopan na zona sen urbanizar. Preto do centro tamén se atopa un dos bosque autóctonos en zona urbana máis significativos de Europa, como é a Fraga de Dona Rita, de onde toma nome o colexio.

En canto á climatoloxía cómpre subliñar que o clima é oceánico húmido, con certas características de continentalización nos vales e clima de montaña nas serras. A temperatura media anual na vila de As pontes é de 12 graos. A temperatura media do mes de xaneiro é de 6,75 graos, con máximas de 20,5 e mínimas de -2,7 graos. A temperatura media no mes de agosto é de 19,47 graos, con máximas de 32 e mínimas de 9,5 graos. As Pontes é zona chuviosa, con precipitacións anuais de 1.800 l / m². O mes máis chuvioso acostuma ser decembro. En xaneiro e febreiro poden rexistrarse xeadas e raras veces, precipitacións en forma de neve.

1.3 Consideracións respecto ao medio exterior.

A falta de urbanización de un dos laterais do centro e a edificación que está levantada mesmo diante da fachada do centro, limitan o acceso de calquera vehículo de apoio que precisara acceder ao centro.

2. O centro escolar. Descripción.

A finais da década dos 80 iniciáronse as obras do colexio segundo un proxecto elaborado polo arquitecto don Xosé Manuel Casavella.

As Pontes ten un gran aumento de poboación escolar debido ao número de familias que se instalan na vila polo traballo de ENDESA. Neste momento, xurde a necesidade de aumentar os postos escolares, os colexios existentes non teñen espazos físicos para absorber a demanda. E así nunha das zonas máis densamente poboadas, unha esquina do pobo, onde están os poboados de "A Fraga", "O Barreiro" e "O Muíño" constrúese o noso centro, que así desmasifica ao colexio Santa María.

O colexio comezou o seu funcionamento como tal en setembro do ano 1988.

2.1 Superficies.

O **solar** que ocupa o colexio ten unha superficie de 8750 m² en parcela de xeometría irregular practicamente trapezoidal, nel atópanse os dous edificios que forman o centro e varias pistas polideportivas e de xogos, así como varias zonas verdes.

O **edificio principal** consta de dúas plantas. Ten unha superficie construída de 1479'40 m² e unha superficie útil de 1144'17 m². Como a propia memoria do proxecto indica na súa xustificación: "Un primer cuerpo, longitudinal con fachada directa a la calle nos sirve para situar la zona administrativa y de usos múltiples en dos niveles, y, el acceso que se realiza bajo una marquesina adosada con pilares de hierro a modo de porche. Un cuerpo de tránsito y unión alberga el vestíbulo y los aseos del edificio; de el parten las dos alas docentes propiamente dichas, que albergan las aulas, laboratorios, tutorías en un solo nivel".

O edificio organízase en torno a un patio central. A maioría das dependencias teñen nun dos seus lados a altura de dúas plantas, e no oposto o de unha soa, tanto a sala de mestres como a biblioteca teñen a altura de dúas plantas. No verán do curso 2007-2008 a Consellería baixou os teitos da biblioteca e de dúas aulas; en agosto do ano 2009 foron baixados os teitos do resto das aulas polo Concello de As Pontes con cargo ao FEIL. Na segunda planta do edificio só quedan pequenos espazos: o arquivo, o obradoiro de plástica e as dúas pequenas aulas de actividades extraescolares.

Respecto do emprazamento do edificio no solar, sorprende que na memoria do proxecto antes citada se diga: "La organización final ... está determinada por dicho patio trazando el edificio en "U", con la abertura hacia el S.O. que si bien es la dirección del viento en los días lluviosos, es la forma de proteger el patio del viento frío predominante el "Nordés" o viento del N.E." En realidade a abertura do patio está hoxe orientada cara o N.O.

O **pavillón pequeno**, antigo pavillón de infantil, foi engadido no ano 1991 como "dúas unidades de preescolar" tamén segundo proxecto de don Xosé Manuel Casavella. Trátase dunha edificación dunha soa planta que conta cunha superficie construída de 230'86 m² e unha superficie útil de 204'10 m². No ano 2000 fíxose unha reforma dos espazos interiores. Na actualidade esta dedicado a aula de música e aula de psicomotricidade e de 7:45 a 9:00 h, e é empregado pola ANPA para dar almozos.

O resto do solar está estruturado nas seguintes zonas:

Un **patio de area** na cara SO do colexio, cunha superficie de 792 m² formado de grava e rodeado de cipreses.

Unha **pista de cemento** na cara NO de 1311 m² que conta con tres gradas de cemento no lado máis exterior, cada unha delas ten un fondo de 85 cm. e unha altura de 44 cm. Nesta pista atópase o Punto de Encontro.

Unha **pista de aglomerado** na cara NE de 1129'95 m².

Das **zonas verdes** destaca a do extremo N do recinto con varias árbores autóctonas e ornamentais e a esquina que mira o leste con tres grandes cipreses

2.2 Características construtivas.

2.3 Accesos, escaleiras e vías de evacuación.

2.3.1 Accesos ao recinto escolar.

O soar está cerrado no seu perímetro por unha valla de 347'7 m cunha base encofrada de formigón sobre a que se asentan pequenas columnas cilíndricas rematadas cun arquitrabe tamén de formigón levanta de por termo medio polo seu lado interior 1'70 m. cunha grande variedade de niveis e de diferencias de altura respecto do nivel exterior, conta ademais nalgunhas zonas cunha rede metálica supletoria coa que acada os 4'25 metros de altura.

O recinto dispón de tres accesos, dous na cara SE e outro na NE. (**ver Plano 01, Xeral do Recinto**)

Os accesos que chamaremos a partir de agora acceso porta principal (chave 1)¹, acceso ó pavillón pequeno (chave 2) e acceso ao patio (chave 3) están formados por cancelas metálicas de dúas follas, pechadas con cadeados.

Os anchos en metros dos accesos son de:

- Principal, dúas follas metálicas de 2 m de ancho total.
- Pavillón pequeno, dúas follas metálicas de 4'25 m. de ancho total.
- Acceso patio, dúas follas metálicas de 3'20 m. de ancho total.

Suma total: 9'45 m.

O acceso principal está pechado sempre no horario de funcionamento do centro e soamente permanece aberta para a entrada e saída do alumnado. A que da acceso ao pavillón pequeno está habitualmente cerrada e a de acceso ó patio soamente permanece aberta para a entrada e saída do alumnado no horario de mañá.

Os accesos non son opostos e os situados no fronte SE non permiten o acceso de vehículos ó recinto escolar. O acceso situado no patio que linda coa rúa da Fábrica permite o acceso de vehículos. Aínda que co rebaixe correspondente na beirarrúa sinalizado de cor amarela non ten o sinal de pasaxe permanente. A rampa de acceso atópase bastante deteriorada e necesitaría un mellor acondicionamento.

O patio presenta unha serie de cambios de altura e pasos estreitos que dificultan ou mesmo imposibilita o acceso de vehículos a moitas das zonas do recinto.

2.3.2 Accesos ao edificio principal.

A entrada principal.

¹ Os números fan referencia ás chaves do panel de secretaría e do chaveiro de emerxencia

Para chegar a ela hai que superar un tramo de escaleira de 4 pasos que suman unha altura de 60 cm. ou ben unha rampa con baranda no lateral dereito. A porta principal está formada por un triple espacio de acceso. Cada un dos espacios está formado á súa vez por portas de dúas follas de cristal con marco de aluminio (chaves 4, 5 e 6). Teñen un ancho de 1'50 cm. cada unha polo que suman un total de 4'50 m.

Non consta si os cristais son de seguridade ou temperado e non teñen ningún tipo de sinalización especial.

Das tres portas da entrada principal do edificio, dúas dispoñen dende o ano 2004 de dispositivos de apertura antipánico, instalado polo concello a instancia do solicitado pola Comisión de Autoprotección. Durante o horario lectivo as portas están pechadas e para acceder ao edificio é preciso chamar ó timbre.

Portas exteriores dos servizos.

Nos lados N.E. e S.O. dos laterais do edificio principal hai dúas portas de aluminio e cristal que dan acceso aos servizos (chaves 8 e 12). Teñen un ancho de 70 cm. cada unha.

Estas portas non dispoñen de ningún dispositivo especial e permanecen pechadas excepto durante o tempo de lecer do alumnado xa que nese horario o acceso ós servizos, os días que fai bo tempo, faise por fora.

Portalón de acceso ao patio cuberto.

No lado NO do edificio, oposto á entrada principal, atopase un gran portalón que da acceso o patio cuberto do centro. Esta formado por dúas follas corredoras metálicas separadas por unha columna central tamén metálica e que pechan por dentro cun cadeado (chave 10). Teñen un ancho total de 7'60 m.

O que cando a redacción do proxecto era un espazo exterior cuberto, as sucesivas reformas fixeron del un espazo interior. Así, por motivos de seguridade durante o horario lectivo de mañá, estes portalóns están sen o cadeado de peche. É a "conserxe" quen o fai, cando abre o colexio pola mañá.

Portas exteriores laterais do patio cuberto.

A ambos lados do portalón hai dúas portas de p.v.c. con pechadura. Teñen 0'80 m. de ancho cada unha. A situada ó N.E. dispón de dispositivo antipánico dende o interior (chave 9). A situada enfrente, á esquerda segundo miramos cara afora, permanece sempre pechada con chave (chave 11). O acceso ás actividades extraescolares faise pola primeira destas portas, que permanece é aberta os luns, martes, mércores e xoves entre as 4 e as 6.

Portas interiores de acceso ao patio cuberto.

Como xa sinalamos máis arriba o patio cuberto é agora un espazo interior. Para acceder dende o patio cuberto ó edificio propiamente dito temos que franquear dúas portas de marco de aluminio e cristal que teñen un ancho total de 1'10 m. e dispoñen dende maio de 2008 de dispositivo antipánico. Estas portas (chaves 14 e 15) despéchanse tamén cando a apertura do colexio pola mañá para permanecer así durante toda a xornada lectiva.

2.3.3 Accesos ao pavillón pequeno.

O pavillón pequeno ten na súa cara SE a entrada. Para acceder a ela hai que superar unha escaleira de 4 pasos que suman un total de 60 cm ou unha rampa con baranda no lateral esquerdo.

Atopamos despois tres portas idénticas de aluminio e cristal, de dúas follas que abren de xeito independente. Unha das follas con pechadura e manilla e outra con pestillo na parte superior e

inferior. Teñen unha anchura de 1'30 m. Pola situada á dereita segundo se mira ó fronte do pavillón accedese á aula de música (chave 58) e polas outras dúas á aula de psicomotricidade (chaves 59 e 60). Os dous espazos están comunicados interiormente por outra porta interior de 0'75 cm. de madeira que permanece habitualmente aberta (chave 61).

2.3.4 Escaleiras.

Existen no edificio varias escaleiras, en primeiro lugar as de acceso tanto á porta principal do edificio como ó pavillón pequeno. No primeiro caso e como xa sinalábamos máis arriba trátase dun tramo de 4 pasos de terrazo pulido que suman unha altura de 60 centímetros, ás do pavillón pequeno son tamén 4 pasos de idéntica altura, agora de losetas de cemento ranudadas.

No edificio principal atopamos ademais: a escaleira que comunica a zona administrativa co obradoiro de plástica e outra idéntica á anterior que comunica a biblioteca co arquivo. Ámbalas dúas feitas de terrazo pulido teñen unha altura de 3'30 m, un total de 17 pasos nun só tramo, teñen 87 centímetros de anchura cun pasamáns de tubo metálico por un dos lados, e son manifestamente demasiado empinadas.

Outras dúas escaleiras idénticas comunican o fondo do patio cuberto cos corredores da planta alta do patio. Trátase dunhas escaleiras de losetas de cemento ranuradas, que levantan 3 metros en dous tramos de 9 pasos separados por un descansioño de 1 m cun pasamáns metálico dobre ao medio.

2.3.5 Vías de evacuación. Corredores.

O vestíbulo do colexio ocupa unha superficie de 100 m². dende el accedese á zona administrativa, á biblioteca do centro e os dous corredores do centro. Dende a entrada o colexio é simétrico, cunha disposición en forma de U .

Os dous corredores cunha superficie de 94'80 m², teñen 38'40 m de largo por 2'88 m de ancho. Utilízanse como zona de paso e nos períodos de lecer como espazo de xogos da ludoteca.

Son espazos anchos e diáfanos que non ofrecen ningún obstáculo ao paso.

As portas exteriores foron xa descritas, e respecto das interiores todas abren no sentido da evacuación, e a súa descrición e peculiaridades faise nos apartados que describen os diferentes espazos.

2.4 Instalacións xerais de risco.

2.4.1 Instalación eléctrica.

O colexio recibe o subministro eléctrico mediante unha liña de baixa tensión.

Os contadores da luz atópanse nunha caixa fincada no muro exterior do recinto, mesmo á dereita da entrada principal. A tapa é de plástico e atópase pechada cun cadeado.

No vestíbulo do edificio principal á dereita mirando dende a entrada atópase ó cadro eléctrico do edificio. Trátase dun habitáculo cunha porta de madeira que está accesible e libre de obstáculos, non ten protección para a súa abertura, estando normalmente a chave no taboleiro de secretaría. Os diferenciais e magnetotérmicos están numerados e algúns presentan cinta aislante para evitar que baixen.

O interruptor xeral que corta o subministro en todo o edificio é un ICP-M-III

A finais do ano 2009 instalouse un cadro eléctrico independente para a conexión WIFI

Tamén existe outro cadro eléctrico no vestíbulo do pavillón pequeno que da acceso á aula de música. Este cadro eléctrico atópase sempre pechado.

No exterior da sala de caldeiras existe un interruptor magnetotérmico situado a 3 m. de altura que corta o subministro eléctrico da caldeira da calefacción.

2.4.2 Sala de caldeiras e depósito de combustible.

A Sala de caldeiras atópase no extremo S.O. do edificio. O acceso á sala de caldeiras faise dende o exterior por unha porta metálica de 1'04 m de ancho con ventilación (chave 13), situada na zona verde que oculta o depósito soterrado, diante do pavillón pequeno, coincide tamén coa saída exterior do servizo dos nenos. Lateralmente a sala coincide coa sala de mestras e mestres.

Na sala atópase unha caldeira marca Lamborghini tipo GN2 N nº 3260 A cunha potencia de 176 KW. Que foi cambiada no ano 2019. A sala dispón dun cadro eléctrico con interruptor xeral diferencial, interruptor para as bombas de calefacción e anticondensación e interruptor para o queimador.

A sala tamén dispón de dous extintores tipo 6-ABC-P e outro tipo 6-AUABC-P.

O depósito de combustible como sinalamos antes, atópase soterrado, a boca de acceso atópase no exterior do recinto. No mes de marzo de 2009 produciuse unha fuga de gasóleo debido ás fendas que tiña o depósito polo que foi arranxado polo Concello cun revestimento de fibra.

O mantemento da instalación de calefacción como o do resto das instalacións corresponde ao Concello, segundo o establecido no Anexo da Orde de 22 de xullo de 97 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento ... dos colexios de educación primaria.

2.4.3 Biblioteca parte alta.

Situado na planta alta do colexio, ten unha superficie de 37'78 m². Empregábase como arquivo e ocasionalmente como despacho de reunións, actualmente está sendo acondicionada para unha parte da biblioteca, e permanecer aberta ao alumnado de infantil nos recreos. A el accédese por unha escaleira dende a biblioteca que ten unha altura de 3'30 m. en un solo tramo de 17 pasos, e unha porta de acceso de 88 cm. (chave 24). Ten tamén unha saída á parte alta do patio cuberto cunha porta metálica de dúas follas que abre unha delas con pechadura, de un total de 1.20 m. e que permanece sempre pechada con chave (chave 21). O alto é de só 2'05 metros e dispón de dous ventanucos de 0'50 x 0'48 m.

2.4.4 Biblioteca.

A biblioteca ocupa unha superficie de 83'66 m². e tres fiestras dobres de altura especial. Emprégase como biblioteca, ludoteca e ocasionalmente como salón de actos e usos múltiples. A súa porta de acceso é de madeira (chave 23) e ten 1.26 m en dúas follas, unha delas semirixida de 45 cm. con ferrollo arriba e abaixo.

Conta con equipos informáticos e un televisor, tamén está alí o equipo de son do colexio que eventualmente podería facer as funcións de megafonía. Ten un extintor á carón da porta.

2.4.5 Aulas laboratorio. (Actualmente 4º de EI e 3º de EP)

As aulas número 3 e número 8 foron no seu tempo aulas laboratorio polo que conservan dous mostradores con enchufes e cadro eléctrico propio. Están situadas nas zonas arqueadas dos corredores, e teñen unha superficie de 63.30 m² e tres fiestras dobres.

A aula número 3 dispón tamén dun espacio semipechado habilitado como servizo para os nenos e nenas xa que nela se desenvolven actividades lectivas propias de Ed. Infantil de 3 anos.

Na aula número 8, desenvólvense as actividades lectivas normais propias de 4º de Educación Primaria.

No exterior de ámbalas dúas aulas hai un extintor tipo 6-ABC-P.

2.4.6 Aula de informática.

Aula nº 10. Situada no final do corredor dereito. 60.80 m². Portas de madeira cunha das follas semirrixida de 1'12. m de ancho. Esta aula conta cunha instalación eléctrica e de rede informática engadida a posteriori sobre o chan, con enchufes para un total de 12 ordenadores. Tamén ten un punto de rede dobre. Dispón dun armario metálico que contén o router da rede educativa do colexio e unha caixa eléctrica. Na actualidade conta cun total de 25 equipos informáticos fixos e 25 de aula móbil. Tamén se emprega como almacén de todas as novas tecnoloxías e vai ser o espazo fixo dos polos creativos.

2.4.7 Secretaría e Dirección.

Dous despachos de 9'15 m² cada un na zona administrativa do centro, os dous teñen unha porta de aluminio de 1'08 m de ancho. **Dirección** ten unha fiestra ó exterior e xunto con secretaria e a sala de mestres son os puntos con teléfono do centro.

A **Secretaría** non ten ventilación exterior pero si unha fiestra de dúas follas de cristal e que da o distribuidor de acceso da zona de administración.

Nesta pequena sala atopase o ordenador servidor do centro, o armario que contén o router. Fai tamén funcións de arquivo.

2.4.8 Sala de mestras e mestres.

Situada na sala de administración do colexio conta cunha superficie de 42 m² e dispón de 2 ordenadores conectados á rede administrativa do centro e varios electrodomésticos. O seu acceso faise por un pequeno corredor de 90 cm. de ancho que divide a zona administrativa e unha porta de madeira de 0'80 cm. de ancho.

2.4.9 Almacén de limpeza.

Na zona dos aseos dos nenos, á esquerda do vestíbulo si estamos de costas á rúa, existen dous cuartos que se utilizan como almacén de limpeza, teñen unha superficie de 4'00 m² e 7'90 m². O situado á esquerda segundo entramos na zona de aseos ten un quentador eléctrico de 80 litros de capacidade. Ningún destes espazos ten ventilación propia ó exterior, pero dadas as especiais características construtivas do centro comparten un mesmo espazo tabicado solo ata unha altura de 1'80 m. que si ten catro ventanucos ao exterior.

O situado á dereita foi previsto inicialmente como vestiario pero tamén cumpre funcións de almacén de limpeza.

2.4.10 Almacén de material e trasteiros.

O colexio dispón na actualidade de varios espazos dedicados a almacén de diverso material.

Nos fondos dos dous corredores dous espazos de baixa altura e de 3'40 m² de superficie, que se corresponden coas escaleiras de acceso á segunda planta do patio cuberto, a altura do cuarto medido na parte media é de 1'70 m. . Dispoñen de portas de madeira de dúas follas que teñen un ancho total de 1'35 m. Están ocupados con diversa maquinaria e mobiliario fora de uso. O do corredor esquerdo garda ademais os contedores de recollida de papel.

Na zona arqueada do corredor dereito atópase dous espazos de 10'72 m² e, cunha porta de madeira de 0'80 m. e unha fiestra ó corredor que se empregan como aulas de PT e AL. Na zona arqueada do corredor esquerdo atópase outro espazo idéntico ó anterior que se emprega como despacho do Departamento de Orientación e despacho da ANPA Medoñas.

Con acceso exclusivamente dende o exterior do colexio oposto á sala de caldeiras existe outro almacén que utiliza a ANPA. do centro para gardar material diverso.

2.4.11 Aula taller de plástica.

Situado na segunda planta sobre a zona administrativa do centro dispón de dúas entradas. Unha dende o distribuidor da zona de administración por unha escaleira de un tramo de 3'30 metros de alto, que se describe máis arriba e unha porta de aluminio e cristal de 0'90 m de ancho (chave 33), e outra dende o corredor da segunda planta do patio cuberto onde hai unha porta metálica de dobre folla unha semirríxida de 1'20 m de ancho e que está sempre pechada (chave 22)

Esta sala cunha altura de só 2'05 m de alto, dispón de ventilación exterior por dous ventanucos de 50x48 cm. Nela atópanse mesas tipo taller e outras escritorio e empregase como almacén de material didáctico e esporadicamente para actividades de plástica dos mestres/as.

2.4.12 Aulas de actividades extraescolares.

Nos corredores situados na parte alta do patio cuberto hai dous espazos de 32'10 m² e dobre porta de acceso que se utilizan como aulas de actividades extraescolares. Son dous espazos estreitos, ós que se accede baixando dous pasos de escaleira e que non contan con outra ventilación que a das súas respectivas dúas portas de acceso.

A situado no corredor esquerdo, si nos situamos de costas á fachada do colexio empregase para a actividade extraescolar de pintura, que se desenvolve polas tardes en horario de 16:30 a 18:30 horas. A súa xemelga do lado dereito estaba cedida para o seu uso do equipo de mediación, pero actualmente é para o uso do centro, xa que o equipo desapareceu durante a pandemia. Foi dividida para empregar parte dela como almacén. Anteriormente estaba cedida ao Clube de Montaña cuxa cesión foi aprobada polo Consello Escolar o día 20 de xaneiro de 2009 e autorizada pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. en escrito de data 19 de maio de 2009. Antes disto tamén foi cedida á asociación de fotografía " Posición B" coas condición que se especifican na acta do día 21 de outubro de 2003 e autorizada posteriormente pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. en escrito de data 9 de decembro de 2003 .

2.4.13 Local da A.N.P.A.

Atópase situado na zona arqueada do corredor dereito, trátase dun espazo de 10'72 m² cunha porta de madeira de 0'80 m. (chave 30) e cunha fiestra que comunica co corredor. O local ten equipo informático e empregase como lugar de reunión e arquivo.

2.4.14 Aulas.

Situadas na planta baixa tiñan na súa orixe o teito inclinado e de dobre altura que o habitual. A parte máis elevada contaba con lucernarios de 1'55 x 1'17 m. que aportaban luz dende o corredor da planta

alta do patio cuberto. Hoxe en día os teitos teñen unha altura normal polo que os lucernarios quedaron ocultos. Excepto a número 3 e a número 8, dispoñen de luz natural no lado oposto a través de dúas fiestras. As portas son de madeira, con dúas follas unha delas semirríxida con pestillo arriba e abaixo, aínda que de 1'30 de ancho o ancho de paso real e de 80 cm. Sobre o marco da porta hai un cristal de 70X120.

Aulas nº 1 e nº2. 60'80 m² cada unha. Corredor esquerdo da zona docente. Unha das dúas portas Están dedicadas a aula de Educación Infantil e contan cun espazo semipechado habilitado para servizo.

Aula nº 3. Mencionada máis arriba como aula de Educación Infantil

Aula nº 4. 60'80 m². Corredor esquerdo da zona docente. Está dedicada a aula de segundo de educación primaria.

Aula nº 5. 60'80 m². Corredor esquerdo da zona docente . Conta cunha única porta como as descritas antes excepto no que se refire a que non ten cristal na parte superior. Esta dedicada a aula de primeiro de educación primaria.

Aulas nº 6 e nº 7. 60'80 m². Corredor dereito da zona docente. Están dedicadas a aulas de 5º e 6º de educación primaria.

Aula nº 8. Situada na zona arqueada do corredor dereito xa foi mencionada no apartado de aulas laboratorio

Aula nº 9. 60'80 m². Corredor dereito da zona docente. Está dedicada a aula de segundo ciclo de educación primaria, conserva os armarios que conteñen o material do antigo laboratorio de química.

2.4.15 Aula de música.

Localizada no pavillón pequeno ten unha superficie de 60,5 m² e dispón de 5 fiestras. A saída faise por unha porta de madeira de 1,28 m a un vestíbulo de 12,4 m² que sae directamente ao exterior.

2.4.16 Aula de psicomotricidade.

Trátase dun espacio que nace da reforma interior do pavillón pequeno feita no ano 2000 que eliminou varios dos tabiques deixando un espacio de 12'95 x 9'85. Un total de 127'5 m² co único obstáculo dun pilar que se atopa protexido por material acolchado.

A aula ten sete fiestras e dúas portas de saída directa ó exterior, mesmo enfrente da zona axardinada que cubre o depósito de combustible.

Dispón dunha caixa de emerxencias.

2.4.17 Zona de xogo de infantil.

Na segunda planta sobre o vestíbulo do centro aproveitouse un espazo de 100 m² para zona de xogos de infantil, que foi acondicionado con chan de tarima flotante para mellorar as súas condicións de uso.

2.4.18 Patio cuberto.

O patio cuberto central era na concepción do proxecto do edificio un espazo aberto, no ano 1989 cerrouse cunha rexa e posteriormente con bloque, estas obras de peche do patio cuberto culminaron en abril do 1999 coa instalación dunhas planchas traslúcidas sobre unha estrutura metálica. Estas

reformas melloraron, sen ningunha dúbida, as condicións de uso do patio pero fixeron del un espazo cerrado, descoñecemos as consecuencias que poidan ter en materia de seguridade, asunto este que deberá ser valorado por persoal especializado.

En setembro de 2002 o chan do patio mellorouse cunha mestura de area e pintura. En abril de 2010 foi arranxado na súa totalidade xa que presentaba varias grietas perigosas.

2.4.19 Aseos.

O colexio dispón de dúas zonas de aseos para alumnas e alumnos iguais e situados simetricamente no plano do centro e dous aseos de mestres situados na zona de administración.

Os servizos do alumnado ocupan unha superficie de 10'10 m². Divididos en varios espazos. A porta de acceso á zona dos servizos é idéntica á das aulas. Dispoñen ademais de saída ao exterior.

Os servizos situados na zona de administración son dous espazos de 1'20 m² con portas de 0'70 m. de madeira e sen ventilación exterior.

2.5 Resumo

Ficha de Inventario de riscos e recursos: Datos construtivos e instalacións

Edificio principal.

| | | | |
